

ACTA DA ASEMBLEA DE BARRIO DE ESTEIRO DO DÍA 20 DE ABRIL DE 2016

No local da Asociación Veciñal de Esteiro, situado na rúa Fernando VI, bloque 1, Ferrol, sendo as 19:15 horas, celebrouse a Asemblea de de Barrio de Esteiro cos seguintes **asistentes**:

| | | | |
|---|--|-----------------|---|
| Polo Goberno municipal: | José Álvaro Montes Celeiro, concelleiro delegado da área de Participación, Novas Tecnoloxías e Normalización Lingüística | | |
| Traballador/a municipal: | Jorge Juan Pena Piñeiro, xefe do Negociado de Participación e Comunicación. | | |
| Asistencia técnica: | Olalla López Barro da empresa Rexenerando S. Coop. Galega | | |
| Nº total de veciños e veciñas asistentes do barrio: | 8 | Nº de homes: | 4 |
| | | Nº de mulleres: | 4 |

Desenvolvemento da sesión:

Alvaro Montes, Concelleiro de Participación da a benvida ás persoas asistentes a esta asemblea, cedéndolle a palabra a Olalla López Barro da empresa Rexenerando S.Coop. Galega.

En primeiro lugar procedese a escoller os representantes de Esteiro tanto para as vicepresidencias da Asemblea de Barrio como para o Consello da Veciñanza. Non se presentaron candidaturas previas á celebración da Asemblea, resultando propostos neste acto co apoio da unanimidade dos/as asistentes/as as seguintes persoas:

| VICEPRESIDENCIAS ASEMBLEA DE BARRIO | |
|-------------------------------------|--|
| A título inividual | Manuel Ángel García Varela |
| En representación de entidades | Gabriel Auz Castro (Asociación veciñal de Esteiro) |

| REPRESENTANTES NO CONSELLO DA VECIÑANZA |
|---|
| Gabriel Auz Castro |
| Encarna Prieto Estraviz |

A continuación presentase á asemblea un borrador de regulamento interno de funcionamento da mesma co obxecto de que se debata e estude por parte dos asistentes para formular todas as achegas que estimen oportunas, polo que este documento queda pendente da súa aprobación ata a

vindeira asemblea de barrio.

Por último iniciase un debate entre todos os asistentes para recoller aqueles temas de tipo xeral que preocupan nestes momentos aos veciños e veciñas de Esteiro e que a modo de resumo son os seguintes:

- Cumprimento da normativa de terrazas.
- Excrementos mascotas. Control da Policía Local.
- Alumeado público. Conservación das farolas.
- Control do aparcamento de coches enriba das beirarrúas.
- Cargas e descargas. Revisar.
- Recollida de lixo. Situación dos contedores e adaptados a mobilidade reducida. Campaña de reciclaxe.
- Situación da praza enfronte do INEM.

Agradecendo a presenza dos asistentes, dáse por rematada a sesión ás 20.55 horas.

O concelleiro delegado da área de
Participación, Novas Tecnoloxías
e Normalización Lingüística

O traballador municipal

Asdo. José Álvaro Montes Celeiro

Asdo.: Jorge Juan Pena Piñeiro